



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

### SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS

#### **ASUNTO: NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN.**

Un ano máis, e como xa resulta de costume nestas datas, este Concello lembra ós veciños e veciñas en xeral, as normas de mantemento das condicións de seguridade para a queima das fogueiras de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 deste mes de xuño.

As normas ás que terán que axeitarse a instalación e queima das fogueiras son as seguintes:

**1ª.-** Presentación no rexistro xeral do Concello da solicitude de celebración da fogueira, antes do próximo día 16/06/2017 ás 13,00 horas, facendo constar os seguintes datos das persoas que organizarán o acto e faranse responsables do mesmo:

- .- Nome e apelidos, D.N.I.
- .- Enderezo e coñecemento do teléfono do Servicio Municipal de Extinción de Incendios 080, Policía Local 092 e Protección Civil 986 871 188.
- .- Compromiso de dispor no acto dun teléfono móbil en pleno funcionamento, con indicación na solicitude do seu número.
- .- Coa documentación achegarase copia do D.N.I. dos responsables.

**2º.-** As fogueiras terán que distar un mínimo de 15 metros ós edificios e árbores.

O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros. Nun área de diámetro similar ó pau central da fogueira non poderán concentrarse os asistentes á festa.

**3º.-** Os materiais a empregar na combustión serán leña, polas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase.

Prohíbense os pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con P.V.C. en xeral, e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calesqueira substancias explosivas. Lémbrese que un bote de aerosol, aínda vacío, pode orixinar unha explosión importante.

Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

**4ª.-** Prohíbese a realización de fogueiras sobre vías públicas pavimentadas, xardíns ou zonas verdes en xeral.

**5ª.-** A organización terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os Axentes dos Corpos da Policía Local ou Corpo de Bombeiros.

Esta Alcaldía ó tempo que convida a tódolos veciños e veciñas a disfrutar da festa desa noite, confía en que se cumpran estas instrucións, ditadas unicamente para garantiren a protección e seguridade no municipio en conciliación co lecer da cidadanía.

